



MEMORIA FUNCIONAL E ECONÓMICA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA.

A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia creouse polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado posteriormente polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Amtega e se aproban os seus estatutos.

Con data 9 de marzo de 2012 produciuse a constitución efectiva da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, coa realización da sesión constitutiva do seu Consello Reitor, de conformidade co previsto no Decreto 252/2011, do 15 de decembro, que dispón, igualmente, que coa súa constitución suprimese a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e a adscrición dos órganos e postos de traballo da devandita secretaría.

Igualmente, quedaron adscritos, dende o momento da constitución efectiva, as unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a servizo provistos por persoal da escala xeral de informática existentes nas relacións de postos de traballo da Presidencia e da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Paralelamente á integración dos servizos tecnolóxicos da Xunta de Galicia, de acordo coas previsións do citado Decreto, procedeuse á adscrición progresiva á Amtega dos servizos, recursos económicos e persoal de tecnoloxías da información e comunicación das distintas consellerías e entidades públicas delas dependentes.

Polo que se refire aos postos de carácter directivo e aos postos con rango de subdirección xeral e de xefatura de servizo (niveis 28 e 30), por Resolución do 31 de outubro de 2013 publicouse o Acordo do Consello da Xunta de Galicia polo que se aproba a relación de postos de traballo da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (DOG número 213, de 7 de novembro).

Esta resolución recolleu a Relación de Postos de Traballo inicial dos postos de traballo a nivel de subdirección e servizo, correspondentes á estrutura orgánica logo da constitución da Axencia e pendentos do remate dos procesos de traspaso do persoal das escalas informáticas doutras consellerías e organismos para a elaboración dunha RPT completa.

Mediante Resolución do 23 de marzo do 2015 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 19 de marzo do 2015 polo que se aproba a relación de



postos de traballo da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (DOG nº 69, do 14 de abril), publicouse a primeira relación de postos de traballo completa da Axencia, estruturando os postos traspasados en atención ás funcións asumidas pola AMTEGA e ao persoal integrado na Axencia.

A última modificación parcial da relación de postos tivo lugar por Resolución do 11 de abril de 2022 pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2022, polo que se aproba a modificación da relación de postos de traballo da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (DOG do 25 de abril de 2022).

Xustificación da proposta:

Desde o obxectivo da eficiencia na prestación dos servizos públicos e a convicción da importancia estratéxica das tecnoloxías da información e a comunicación como elemento de crecemento económico e desenvolvemento social, xurdiu a necesidade de constituír unha entidade única de xestión das tecnoloxías da información e comunicación de carácter público, adscrita á Presidencia da Xunta de Galicia, que concentrase os recursos humanos, materiais e orzamentarios asociados ás diferentes estruturas TIC dispersas no sector público autonómico. Este novo modelo de xestión implantado non só supón unha xestión integrada das tecnoloxías da información e comunicación asociadas ao sector público autonómico, senón tamén unha xestión integral que alcanza todos os sectores onde se desenvolve a actividade administrativa.

Na actualidade na Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia está a prestar servizo a preto de 90 entidades e organismos do sector público autonómico e a xestionar un orzamento anual superior aos 200 millóns de euros no que destaca, xunto ao incremento de FCA a xestionar, a relevancia dos investimentos realizados con cargo a fondos europeos. Así, nos vindeiros exercicios, a Amtega xestionará investimentos por máis de 412M€ con cargo á distinta tipoloxía de fondos comunitarios, incluídos os fondos Next Generation nos que os fitos, compromisos e importes veñen establecidos polas diferentes Conferencias Sectoriais e deben executarse nos tempos e formas que se establecen neses acordos. Os anteriores investimentos completaranse coa xestión do mantemento dos proxectos actualmente vixentes.

Coa finalidade de cumprir os prazos de execución, verificación e certificación esixidos por Europa sen merma na calidade da prestación dos servizos desta axencia pública autonómica, procede reforzar a estrutura da Amtega mediante a creación dunha xerencia de proxecto no ámbito de Política Social que colabore igualmente na xestión de proxectos que poidan incidir no ámbito de Educación.





Os proxectos nos ámbitos de Política Social e Educación xestionados por esta axencia pública autonómica experimentaron un aumento importante das necesidades de xestión nos ámbitos de benestar e da integración das TIC na práctica educativa, a consecuencia dos obxectivos, por unha banda, da posta en marcha e implantación da plataforma tecnolóxica de teleasistencia avanzada e, doutra banda, a transformación dos centros educativos tradicionais en centros educativos dixitais. Dita transformación artículase no proxecto Abalar - E-Dixgal, que experimentou un crecemento considerable no número de centros e alumnado participante no proxecto, pasando de 84 centros e 2260 alumnos no curso escolar 14-15 a 548 centros e 54.000 alumnos no curso escolar 21-22.

A necesidade da praza incluída na presente modificación ten carácter estrutural, en atención ao incremento de proxectos xestionados por esta axencia pública autonómica no ámbito no que a mesma incide, incremento que se manterá nos vindeiros anos. Así, entre os retos máis relevantes que deben afrontarse desde esta axencia pública autonómica nos próximos anos figuran os compromisos relacionados directa ou indirectamente co Programa FEDER 2021-2027, aprobado pola Comisión Europea o 07.12.2022. De entre as súas liñas de actuación cómpre sinalar a 1.2.09 *Educación e capacitación dixital de alta calidade, inclusiva e sostible*, incluíndo actuacións que permitan fomentar o desenvolvemento dun ecosistema educativo dixital de alto rendimento a través de novas plataformas, sistemas e medios educativos dixitais para o ámbito educativo como no da xestión académica, así como asegurar as competencias e as capacidades dixitais innovadoras. O propio Programa sinala que estas actuacións resultan complementarias ás actuacións para o desenvolvemento de competencias dixitais da poboación e as persoas traballadoras do FSE+, e que os principais grupos destinatarios destas actuacións serán a cidadanía e en particular as persoas que dispoñan de menores capacidades dixitais. Todo isto leva a identificar a necesidade de xestionar con total rigor novos proxectos no eido da Educación, da Política Social e do Emprego e Traballo, dentro Área de Solucións Tecnolóxicas Sectorias desta Axencia.

Coa finalidade de cumprir os prazos de execución, verificación e certificación esixidos por Europa sen merma na calidade da prestación dos servizos desta axencia pública autonómica, procede reforzar a estrutura da Amtega mediante a creación dunha xerencia de proxectos proposta.

Doutra banda, procede modificar o posto PX.A11.00.003.15770.006, XEFATURA SECCIÓN APOIO MAT. SEGTURID. E PROT. DATOS para abril a corpos xerais mantendo as escalas de acceso actuais, co obxectivo de facilitar a súa cobertura e non restrinxir o acceso a empregados públicos en base á súa Escala, sen que a dita modificación conleve incremento orzamentario ningún.





a) **Necesidade de apertura a persoal docente**

A xerencia de proxectos que se crea figurará aberta a A17 coa finalidade de adaptala ás concretas funcións e tarefas que teñen asignadas e facilitar a súa cobertura. Neste senso, cómpre poñer de manifesto que a Amtega proporciona os servizos á Consellería de Educación e a todos os centros educativos que están conectados á rede corporativa da Xunta de Galicia, proporcionándolles a xestión e administración dos sistemas de información que dan servizo tanto á consellería, como a todos os centros educativos públicos. Dos centros aos que proporciona servizos TIC a Amtega, máis do 40% son centros educativos, polo que se considera de gran relevancia ter a posibilidade de provisionar a praza da xerencia de proxectos con experiencia nesta materia, por resultar fundamental dispoñer dun adecuado coñecemento deste ámbito.

b) **Necesidade de libre designación como forma de provisión:**

A xustificación da libre designación como forma de provisión na xerencia de proxectos reside motívase pola responsabilidade directa sobre sistemas cun nivel de protección alto en materia de protección de datos, así como no acceso a información especialmente sensible (colectivos especialmente vulnerables, menores, vítimas de violencia de xénero, ...).

Nas tarefas e traballos a realizar e supervisar por esta xerencia está o tratamento, custodia e agregación de datos persoais de categoría especial, incluíndo datos de menores, desempregados, persoas vulnerables, vítimas de violencia de xénero... Ademais, no indicador de resultado das actuacións nas que se enmarcará a actividade da xerencia de proxectos proposta deben medirse o número de usuarios de servizos, produtos e procesos dixitais públicos novos e mellorados, polo que na diferenciación e mesmo reconto destes usuarios tense que manexar ás máis das veces, este tipo de datos.

De acordo coa xustificación anteriormente expresada, propóñense as seguintes modificacións:

Amortizacións:

Coa finalidade de financiar a creación da xerencia de proxectos proposta serán obxecto de amortización os seguintes postos por atoparse vacantes e sen ocupante:





Código do Posto	Denominación do posto	Nivel	Subgrupo	Forma de provisión	Corpo/Escala	Adscr Adm
PX.A11.00.005.15770.033	ANALISTA-PROGRAMADOR/A	22	A2	C	XERAL(ESCALA INFORMÁTICA)	AXG
PX.A11.00.406.36001.021	XEFATURA NEGOCIADO INFORMÁTICA	18	C1	C	XERAL(ESCALA INFORMÁTICA)	AXG

Creacións:

Código do Posto	Denominación do posto	Nivel	Subgrupo	Forma de provisión	Corpo/Escala	Adscr Adm
PX.A11.00.005.15770.113	XERENTE DE PROXECTOS	28	A1-A2	LD	XERAL/ESPECIAL/XERAL(ESCALA INFORMÁTICA)/DO CENTE	A17

Modificación:

Código do Posto	Denominación do posto	Nivel	Subgrupo	Forma de provisión	Corpo/Escala	Adscr Adm
PX.A11.00.003.15770.006	XEFATURA SECCIÓN APOIO MAT. SEGTURID. E PROT. DATOS	25	A1-A2-C1	LD	XERAL /XCI/XMI/XSI	AXG

A presente modificación da RPT terá un custo de 64.139,02 € derivado da creación da Xerencia de Proxectos e financiarase cos créditos provenientes das amortizacións indicadas anteriormente, que ascenden a 83.495,31 €, xerando un remanente de 19.356,29,





dispoñible para futuras modificacións da RPT desta Axencia.

Santiago de Compostela,

O xerente

José Luis Somoza Digón

